
Ante a aparición de casos de COVID-19 :

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto próximo con alguna persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. A Autoridade sanitaria, poderá ordenar que se manteña en corentena o alumnado que mantivo un contacto próximo co positivo por COVID-19, ou, en función do número de contaxios, ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro na súa totalidade.
3. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente documento relativas ao **ensino a distancia**.
4. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado e a través, preferentemente, da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual, propoñendo tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia e a avaliación continua da mesma.
5. Todo o alumnado de centro se atopa xa rexistrado na **aula virtual** do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesnumero1carballino/aulavirtual/>.
Para acceder a aula virtual proporcionóuselle un nome de usuario e un contrasinal provisional, que posteriormente deberá cambiar por un persoal.
6. Todo o alumnado terá unha dirección de correo electrónico *****@iesnumero1.com, que lle será tamén proporcionada no centro e coa que poderá acceder a todos os servizos da plataforma Google Suite, (Classroom, Meet, Drive, Calendar,...)
7. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falta de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
8. Durante o período de suspensión da actividade presencial, o centro ten previstas as seguintes medidas:
 - Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
 - Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.